

EL PROGRESO

Ribeira Sacra



DIARIO DE LUGO DESDE 1908 | Año 109 | Número 35.762 | Martes 25 de xullo de 2017 | Prezo 1,20 €

OS ACTORES BORJA LUNA E IOLANDA MUÍÑOS, XURADO DO FANCINE

A cuarta edición do festival de cine fantástico de Monforte arranca o xoves con 24 curtametraxes en competición >7

As vítimas de Angrois piden unha investigación sen utilización partidista

Un ano máis centos de persoas recordaron onte en Santiago de Compostela aos mortos, aos feridos e ás familias do accidente de Angrois, que tivo lugar en 2013 e no que perderon a vida 81 persoas. A media tarde a curva da Grandeira, na que descarrillou o tren, encheuse de fotos, flores e recordos do que aconteceu na véspera dun día de festa. Durante o acto repetíronse as pancartas e as mensaxes nas que se pediron responsabilidades políticas. Tamén tivo lugar onte unha manifestación na que se reclamou unha comisión de investigación, anque o PP asegurou que non ten sentido cando o caso está no xulgado. > 26-27

O PP di que **non ten sentido** unha comisión política cando **o caso está en mans dos xuíces** ▶ Unha **homenaxe recordou** aos afectados polo accidente de hai catro anos que **custou 81 mortos**

EN UN MINUTO

Chantada

O proxecto para ampliar Ponte da Alameda leva dous meses paralizado

Os veciños da Rúa Ponte da Alameda de Chantada levan dous meses sin noticias da ampliación desta vía na que se forma un tapón de circulación cando se cruzan dous turismos e na que os peóns non teñen espazo para camiñar. En maio acudiron a unha reunión na Deputación de Lugo na que tamén participou o alcalde, pero dende esa data non houbo máis novas. > 4

BARALLA Capón deixa mañá a súa acta de deputado provincial pola súa xubilación e substitúeo o rexedor das Nogais > 14

SANTIAGO Unha moza romanesa está grave tras recibir vinte puñaladas da súa parella nun aparcadoiro > 28

FÚTBOL A xustiza deportiva abre expediente a Ángel María Villar, que será inhabilitado > 56



Unha xugada de vacas tirou onte por un carro que desfilou polas rúas da vila do Asma. TOÑO PARGA

A organización do Folión de Chantada preparou nove carros para o desfile das festas de agosto

O encargado dos traballos de restauración foi Fernando Ibarra e para financiar as tarefas a Deputación de Lugo aportou 2.500 euros ▶ O reto é recuperar o espírito tradicional da convocatoria e oito dos apeiros xa están reservados para o certame > 5

SUPLEMENTO

OLLADAS A GALICIA

El Progreso publica un suplemento conxunto con Diario de Pontevedra, La Región y Atlántico Diario sobre o Día de Galicia.



Bo día galegos

ABRIL

